



Oficina de Cooperación e Voluntariado

Proxecto de Plan Estratégico

2013-2016

Abril 2013

Contido

I. Sementeira de solidariedade a xeito de presentación	2
II. Cidadáns globais con raíces no local: unha miúda xustificación	3
III. As nosas raíces solidarias ou misión	4
IV. Os nosos sonhos na micro-utopía ou visión	5
V. Un estilo para o cambio social	5
VI. Albiscando quen somos e onde vivimos: DAFO	6
VII. Un vieiro para chegar a ser o queremos ser: a nosa estratexia 2013-2016	7
VIII. Metodoloxía da reflexión estratéxica	9

Proxecto elaborado por Xosé L. Pastoriza Rozas
a pedimento da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da
Coruña.
Abril 2013

I. Sementeira de solidariedade a xeito de presentación

Desde o seu nacemento institucional no 1996 a *Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)* ten prestado un valioso servizo á comunidade universitaria da *Universidade da Coruña (UDC)* e á sociedade galega promovendo unha acción solidaria local e global que amplía o horizonte da misión da UDC como institución de educación superior.

Desde as nosas modestas orixes, cando se crea a primixenia *Oficina de Acción Solidaria* a través dun convenio coa *ONG Solidarios para el Desarrollo* como resposta ás necesidades do alumnado con discapacidade física que tiña problemas de asistencia ás aulas, soubemos evoluir, ampliar a nosa acción, medrar cunha nova oficina no Campus de Ferrol no 1997 e aprendemos a traballar con outras entidades e institucións espallando sementes de solidariedade entre a comunidade universitaria da UDC e as organizacións da sociedade civil da nosa área de influencia.

Malia que constitúe un tópico afirmar que vivimos tempos de cambio, incerteza e complexidade que baten con forza no itinerario vital e institucional da UDC e do resto de universidades galegas e españolas, a OCV non é allea a estas circunstancias e é consciente da súa responsabilidade de facer unha achega activa a un proxecto de Universidade comprometido cos valores democráticos e a formación integral da persoa.

Preto de acadar a nosa maioría de idade institucional, e coa ilusión de cumprirmos 18 anos de servizo á comunidade universitaria en colaboración activa coa Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación da que dependemos funcional e organicamente na actualidade, queremos seguir a soñar cunha Universidade participativa e comprometida coa construción dunha sociedade local e global máis xusta

Non obstante, soñar o futuro implica conmemorar o noso pasado e o colleitado na nosa andaina, celebrar o presente e abrir novos regos para sementar no futuro. Emporiso, desde a OCV coidamos que os tempos eran chegados para deter o noso camiñar organizativo e repensar, unha outra volta, como xa fixeramos no 2005 ou no 2007, que queremos ser e onde queremos estar no 2016.

Xa que logo, coidamos que este Plan Estratéxico materializa os nosos anxeos institucionais na configuración dun modelo de OCV para o futuro. Neste labor colectivo queremos manter a fidelidade á nosa misión e aos valores que inspiran, orientan e guían o noso ser e devir institucional como servizo da UDC. Emporiso, nas páxinas seguintes atoparedes un itinerario para a nosa actuación nos vindeiros catro anos neste estadio da nosa evolución organizativa que aposta pola consolidación dun servizo de calidade e eficaz no acompañamento das persoas e organizacións comprometidas coa solidariedade local e global.

II. Cidadáns globais con raíces no local: unha miúda xustificación

Antes de presentar os froitos do noso traballo de reflexión estratéxica, coidamos oportuno deternos brevemente a presentar unha serie de elementos da filosofía que debe inspirar a actuación da OCV de cara ao futuro. Estes elementos nacen dun exercicio de comprensión das tarefas educadoras cívicas da OCV. Ao tempo, as pistas deste itinerario ofrecéunolas a combinación de cooperación ao desenvolvemento e voluntariado que integra a nosa propia denominación institucional.

A OCV atópase comprometida coa promoción e construción dunha cidadanía global con raíces no local. Os problemas globais (pobreza, cambio climático, desigualdade, vulneración dos dereitos humanos) demandan unha resolución colectiva ao que as universidades non poden ficar alleas. Por outra banda, a promoción dos bens comúns globais esixe novas prácticas de cidadanía que inspiren unhas relacións internacionais baseadas en principios de xustiza global. Non obstante, a aprendizaxe das virtudes cívicas que caracterizarían a un cidadán global (compromiso, participación, conciencia crítica ou corresponsabilidade) debe realizarse desde o local, desde o compromiso activo polo ben común na súa comunidade de convivencia.

As actividades promovidas desde a OCV respontan a este desafío. As accións de voluntariado, formación ou sensibilización facilitan o desenvolvemento de procesos de concienciación solidaria, experiencias de participación e exercicios de responsabilidade desde o compromiso coa realidade e problemas sociais da comunidade local de referencia. As accións de cooperación internacional, por outra banda, crean un entorno favorable ao desenvolvemento dunha empatía intercultural a partir da mobilidade internacional ou da xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos. Todo este conxunto de oportunidades contribúen a poñer as bases dun sentimento de realización persoal entre as persoas participantes nos nosos programas que retroalimenta o seu grao de compromiso persoal así como a conciencia de ser un “cidadán do mundo con raíces no local”.

Xa que logo, desde a OCV promovemos un conxunto de “competencias cívicas transferibles” que complementan o conxunto de actividades e vivencias de natureza máis académica ou investigadora da comunidade universitaria. Emporiso, a totalidade das nosas actividades non perden o horizonte desta vontade de contribuír á formación dunha nova cidadanía local orientada cara ao global como achega específica da OCV á propia misión cosmopolita da UDC no espazo europeo e internacional de educación superior.

III. As nosas raíces solidarias ou misión

A *Oficina de Cooperación e Voluntariado* da *Universidade de A Coruña* é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na procura do ben común local e global por parte da comunidade universitaria e mais da cidadanía e organizacións sociais na área de influencia da UDC.

Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC ofrecendo espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como centro de educación superior centrado na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sostible.

A OCV pon en valor o capital solidario da UDC liderando os procesos de voluntariado, formación, sensibilización e cooperación ao desenvolvemento con base en procesos e dinámicas colectivas de creatividade e innovación social que fomentan unha calidade materializada no benestar organizativo e na realización persoal.

Por este motivo, a OCV promove os seguintes valores:

- a) A *participación social* baseada na autonomía, autoxestión e empoderamento cívico que difunda as virtudes do emprendemento social na resolución de necesidades e problemas locais e globais.
- b) O *traballo en equipo* como medio para o desenvolvemento de habilidades como o diálogo, a escoita activa, a negociación e a empatía.
- c) A *aprendizaxe experiencial* de competencias cívicas transferibles con base no altruísmo e na responsabilidade individual e colectiva.

IV. Os nosos soños na micro-utopía ou visión

No 2016 a OCV conta cunha estrutura organizativa estable a través de procesos de ampliación de capacidades dos seus recursos humanos e cun financiamento diversificado e suficiente que lle permiten:

- a) Ser un servizo recoñecido pola comunidade universitaria e a cidadanía a través dunha maior visibilidade institucional da súa misión, funcións e accións.
- b) Consolidarse como punto de referencia no eido do voluntariado e participación social na UDC.
- c) Establecer relacións de traballo estables baseadas na confianza mutua con outros actores sociais e institucións públicas e privadas da contorna.
- d) Promover un meirande número de iniciativas de voluntariado e de solidariedade nas que as persoas desenvolven un compromiso estable e de calidade.
- e) Estender o seu campo de acción alén da área urbana achegando as súas actividades ás áreas rurais e rururbanas da zona de influencia da UDC.

V. Un estilo para o cambio social

A OCV desenvolve o seu traballo consonte aos seguintes criterios:

- a) A importancia e centralidade da persoa como suxeito protagonista do seu proceso de maduración e realización persoal na solidariedade.
- b) O acompañamento con calidez e respecto das persoas que participan nas súas actividades.
- c) O fomento da autonomía e de actitudes favorables á innovación e ao emprendemento social.
- d) A construción dunha organización baseada na aprendizaxe e construción colectiva dos saberes en chave de empoderamento.
- e) A promoción da confianza na OCV das persoas e institucións colaboradoras a través da flexibilidade operativa e mais a proactividade e o sentido do humor do seu equipo humano.

VI. Albiscando quen somos e onde vivimos: DAFO

<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Debilidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Xestión do ciclo do voluntariado incompleto (ex. Saída do voluntariado) • Capacidade limitada para absorber as demandas de voluntariado e de colaboración doutras entidades externas. • Excesiva carga de traballo e de xestión burocrática. • Inestabilidade laboral e escaseza de persoal. • Pouca visibilidade na UDC. • Actividades de comunicación externas escasas. • Falta tempo para a reflexión. 	<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Ameazas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desvirtuación dos valores que queremos transmitir polos novos créditos ECTS que recoñecen a participación social e o voluntariado. • Non se solucionan os problemas de consolidación da estrutura. • Crise económica cos recortes orzamentarios. • Cambio no imaxinario solidario: das demandas de solidariedade e xustiza a prácticas de beneficencia.
<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Fortalezas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Alta implicación, paixón e motivación do persoal. • Boa formación dos recursos humanos e ampla experiencia. • Boas relacións e clima de traballo. • Boa comunicación e transparencia. • Traballo en equipo. • Confianza no traballo autónomo dos grupos de voluntariado. • Supervisión cercana. • Ferramentas para facilitar o traballo do voluntariado e a xestión organizativa- • Estilo de dirección cercano e cálido. • Boas relacións con outros actores e facilidade e dispoñibilidade para o traballo conxunto. • Boa reputación. • Localización nos dous campus universitarios e en facultades universitarias. 	<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Oportunidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O novo Plan Estratéxico da UDC. • A crise xera maior interese por participar. • A promoción activa da Responsabilidade Social Universitaria na UDC. • Existencia dun público potencial na comunidade universitaria. • Os novos créditos ECTS solidarios. • Valoración no mercado laboral das competencias adquiridas en voluntariado e compromiso social. • Boas relacións coa Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación. • As novas tecnoloxías (redes sociais, etc). • A nova relación de postos de traballo (RPT) que recoñece o persoal técnico da OCV.

VII. Un vieiro para chegar a ser o queremos ser: a nosa estratexia 2013-2016

Obxectivo	Nivel que hai que alcanzar e prazo	Estratexia	Indicadores de medida
Promovida unha cidadanía global con raíces no local activa, crítica e comprometida polo ben común local e global entre a comunidade universitaria da UDC	<i>Un 5% da comunidade universitaria participa nalgunha das actividades organizadas desde a OCV entre 2013 e 2016</i>	E1. Consolidada a estrutura organizativa da OCV e o seu recoñecemento institucional dentro da UDC	<i>E1.11. A OCV conta con dúas técnicas contratadas de xeito estable no 2016.</i> <i>E1.12. A OCV conta con perfís competenciais operativos no 2016.</i> <i>E1.13. Un 30% do orzamento provén de fontes alternativas de financiamento no 2016.</i> <i>E1.14. A OCV conta cun manual de procedementos operativo no 2016.</i> <i>E1.15. A OCV conta cun programa de prácticas operativo para técnicos superiores de FP no 2016.</i> <i>E1.16. A OCV integra as aprendizaxes e recomendacións das avaliacións realizadas das súas actividades entre 2013-2016.</i> <i>E1.17. A OCV renova o selo de calidade ISO no 2016.</i> <i>E1.18. Consolidadas as relacións de traballo con outras entidades e institucións entre 2013-2016.</i> <i>E1.19. A OCV conta cun plan de comunicación operativo entre 2013-2016.</i>
		E2. Consolidada a xestión do ciclo do voluntariado	<i>E2.11. A OCV conta cun Plan de Voluntariado operativo no 2016.</i> <i>E2.12. A OCV completa o ciclo de xestión do voluntariado no 2016.</i> <i>E2.13. Incrementado un 20% o número de voluntarios/as participantes nos programas da OCV no 2016.</i> <i>E2.14. Aumentada a satisfacción do voluntariado participante nas actividades entre 2013-2016.</i>
		E3. Consolidado o itinerario de formación a demanda ofrecido pola OCV	<i>E3.11. A OCV conta cun Plan de Formación anual no 2016.</i> <i>E3.12. Aumentado un 10% o número de persoas participantes nas actividades de formación entre 2013-2016.</i> <i>E3.13. Aumentada a satisfacción das persoas asistentes ás actividades de formación entre 2013-2016.</i> <i>E3.14. Mellorado o coñecemento das persoas asistentes ás actividades de formación na materia específica entre 2013-2016.</i>
		E4. Consolidada a capacidade da OCV no eido da sensibilización	<i>E4.11. Aumentado un 20% as persoas asistentes ás actividades de sensibilización no 2016.</i> <i>E4.12. Mellorado o impacto e alcance das actividades de sensibilización no 2016.</i>
		E5. Fortalecido o rol da UDC como actor de cooperación ao desenvolvemento	<i>E5.11. Mellorado o coñecemento da OCV como centro de referencia en cooperación na UDC entre 2013-2016.</i> <i>E5.12. Mellorado o coñecemento da universidade como actor de cooperación entre 2013-2016.</i> <i>E5.13. Aumentado un 50% o número de persoas participantes nos PCR e PCC entre 2013 e 2016.</i> <i>E5.14. Aumentadas as actividades en colaboración con outras entidades no eido da cooperación</i>

Obxectivo	Estratexia	Accións
<p>Promovida unha cidadanía global con raíces no local activa, crítica e comprometida polo ben común local e global entre a comunidade universitaria da UDC.</p>	<p>E1. Consolidada a estrutura organizativa da OCV e o seu recoñecemento institucional dentro da UDC</p>	E1.A1. Implementar a nova relación de postos de traballo nas oficinas da OCV en A Coruña e Ferrol.
		E1.A2. Realizar unha definición de perfís competenciais para o persoal da OCV, tanto técnico como en prácticas ou bolseiro.
		E1.A3. Presentar proxectos para o seu financiamento por institucións públicas ou privadas.
		E1.A4. Redactar un manual de procedementos da OCV que integre un mapa de procesos.
		E1.A5. Establecer un programa de prácticas para técnicos superiores de FP nos eidos de integración social, animación sociocultural e administración e finanzas.
		E1.A6. Establecer un plan de avaliacións, priorizando os programas e perfís de voluntariado e os programas de coñecemento da realidade (PCR) e programas de coñecemento da cooperación (PCC).
		E1.A7. Renovar o selo de calidade ISO.
		E1.A8. Consolidar as relacións de traballo con outras entidades e institucións e dinamizar as redes de traballo existentes.
		E1.A9. Diseñar e implementar un plan de comunicación externa cunha especial atención ás novas tecnoloxías (redes sociais, etc).
	<p>E2. Consolidada a xestión do ciclo do voluntariado</p>	E2.A1. Diseñar e implementar un Plan de Voluntariado que integre os programas actuais e os protocolos de cada programa.
		E2.A2. Completar os instrumentos de seguimento do ciclo de voluntariado.
		E2.A3. Diseñar e implementar unha campaña de comunicación no eido do voluntariado incluída no Plan de Comunicación.
		E2.A4. Avaliar a satisfacción do voluntariado e establecer liñas de base dos diferentes programas.
	<p>E3. Consolidado o itinerario de formación a demanda ofrecido pola OCV</p>	E3.A1. Diseñar un Plan de Formación anual.
		E3.A2. Diseñar e implementar unha campaña de comunicación no eido da formación incluída no Plan de Comunicación.
		E3.A3. Avaliar a satisfacción das persoas formadas e establecer liñas de base sobre a mellora do seu coñecemento
	<p>E4. Consolidada a capacidade da OCV no eido da sensibilización</p>	<p>E4.A1. Diseñar un Plan Anual de sensibilización.</p>
	<p>E5. Fortalecido o rol da UDC como actor de cooperación ao desenvolvemento</p>	E5.A1. Diseñar e implementar unha campaña de comunicación interna no eido da cooperación incluída no Plan de Comunicación.
		E5.A2. Convocar os programas PCR e PCC ampliando o número de participantes.
		E5.A3. Dinamizar a Rede de Educación para o Desenvolvemento e a participación noutros espazos e redes galegas e españolas no eido da cooperación.

VIII. Metodoloxía da reflexión estratéxica

O proceso de reflexión estratéxica da OCV abrangueu os meses de marzo e abril de 2013. Para a dinamización e facilitación do proceso contratouse un servizo de consultoría externa que recaeu en José Luis Pastoriza Rozas.¹

Tralo establecemento duns termos de referencia e a definición das expectativas do equipo humano da OCV, celebráronse tres xuntanzas o 25 de marzo, o 1 de abril e o 15 de abril de 2013.

Nestas xuntanzas participaron:

- Jesús Cendan Verdes, director da OCV.
- Lorena Rilo Pérez, técnica da OCV na Coruña.
- Vanessa Míguez Martín, técnica da OCV en Ferrol.
- Lucía Pintor Mourazos, voluntaria da OCV.
- Luis Hervella Nieto, ex-director da OCV.

As dinámicas establecidas polo consultor abrangueron tres niveis de análise:

- a) **Espiral da memoria:** co fin de facer un exercicio de memoria dos éxitos, vitorias, fracasos e frustracións na vida da OCV desde a experiencia e lembranzas significativas do persoal participante detendo a análise nas chaves do éxito, na adecuación dos procesos e nas razóns dos fracasos ou frustracións.
- b) **Árbore que Dá Abundantes Froitos Organizativos (DAFO):** a partir do debuxo dunha árbore completouse a mesma cos seguintes elementos:
 - *Raíces:* os valores da OCV, a súa misión.
 - *Tronco:* as fortalezas da OCV.
 - *Vermes da árbore:* as debilidades da OCV.
 - *Sol e choiva:* as oportunidades para a OCV.
 - *Lóstregos e vento:* as ameazas para a OCV.

¹ Licenciado en Filosofía e Máster en Desenvolvemento Local pola Universidade de Santiago de Compostela. MSc NGOs and Development pola London School of Economics & Political Science. Traballou como técnico de proxectos na Coordinadora Galega de ONGD e como técnico de educación para o desenvolvemento na Fundación Entreculturas. Arestora traballa como consultor e investigador especializado en educación para a cidadanía global e en eficacia do desenvolvemento. Responsable da Avaliación Intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013), ten sido o responsable da elaboración da Planificación Estratéxica (2009-2012) da Fundación Entreculturas en Galicia e do seu diagnóstico organizativo e plans de mellora nas áreas de educación para o desenvolvemento e formación e voluntariado financiados pola Xunta de Galicia. Ao tempo, acompañou desde a Secretaría Técnica o proceso de planificación estratéxica da Coordinadora Galega de ONGD e foi co-responsable da súa execución durante os anos 2009-2010.

- *Froitos*: que froitos quere dar a OCV e a visión e soños de aquí a catro anos.
- *Xardinería*: o estilo de traballo da OCV
- *Paxariños*: que mensaxes quere comunicar a OCV nestes catro anos e que opinións lle gustaría que recibise o seu traballo solidario.

- c) **Árbores de problemas e obxectivos/resultados**: con base no enfoque do marco lóxico constrúuse esta árbore, xa facilitada por todo o proceso de traballo anterior e centrándose nas liñas de acción (sensibilización, cooperación, voluntariado e formación) da OCV.

Os resultados deste traballo participativo aparecen reflectidos neste Plan Estratégico 2013-2016 da OCV.

Como proceso dinámico de reflexión estratéxica, este Plan Estratégico establece un marco flexible de actuación para os vindeiros catro anos e está aberto a un proceso activo de revisión anual por parte da OCV así como a calquera outra achega tanto dos membros da comunidade universitaria como das organizacións e institucións coas que colaboramos.